



*O Campus Crea en cifras*



**> 2000**  
estudantes

**> 100**  
docentes/investigadores

**12**  
grupos de investigación



**6**  
titulacións de grao

**5**  
mestrados

**3**  
programas de doutoramento





## Campus Crea

### Que é?

O Campus Crea é o campus de especialización en creatividade localizado na cidade de Pontevedra.

### Cal é o seu propósito?

O Campus Crea nace co obxectivo de achegarlle maior singularidade e especialización ao campus de Pontevedra, dotando dunha identidade propia as diferentes áreas de coñecemento que existen vinculadas coa creatividade: arte, deseño, comunicación e educación. Ao tempo, promove a creación de sinerxías entre o ámbito académico e os axentes institucionais, empresariais e culturais do contorno próximo.

### Como funciona?

A partir das catro liñas de especialización en arte, comunicación, deseño e educación, o Campus Crea desenvolve as súas accións nos ámbitos da formación, investigación e transferencia, dirixidas á comunidade universitaria, ás empresas, ás entidades e ás administracións públicas.

### Que titulacións o integran?

O Campus Crea agrupa as titulacións de Belas Artes, de Ciencias da Educación, de Comunicación e de Deseño.

### Liñas de especialización

As liñas de especialización do Campus Crea están relacionadas co desenvolvemento das industrias creativas e das disciplinas artísticas, coas novas tecnoloxías aplicadas á creación, á comunicación e á educación como eixes principais.

- **Creatividade e comunicación.** Intégranse as actividades encadradas nos ámbitos de coñecemento relacionados coa publicidade, coas relacións públicas e coa comunicación audiovisual.
- **Creatividade e arte.** Liña de especialización que incorpora as titulacións relacionadas coas artes.
- **Creatividade e deseño.** Agrúpanse neste ámbito de especialización as titulacións relacionadas co deseño, tanto do ámbito da moda coma do gráfico e do dixital.
- **Creatividade e sociedade.** Esta área de actividade relaciónase co mundo educativo, coa innovación docente baixo o prisma da creatividade, o desenvolvemento comunitario (educación para a cidadanía), o desenvolvemento da motivación e a creatividade e a atención á diversidade, así como as dificultades na aprendizaxe, entre outras cuestións.

### Cales son os seus recursos, capacidades e servizos?

O Campus Crea desenvolve a súa actividade por medio de tres vías:

- **Formación.** Ofrece un catálogo de titulacións especializadas no ámbito da creatividade.
- **Investigación.** A estrutura investigadora está conformada por persoal investigador de catro centros, con doce grupos de investigación e máis dun centenar de docentes e investigadores/as, baixo unha estratexia común de excelencia e especialización no ámbito europeo.
- **Transferencia.** Nesta área intégrase a xestión das actividades de transferencia desenvolvidas desde a Oficina de I+D, que dá servizo a todos os campus da UVigo, promovendo accións de transferencia dos resultados de I+D+i acadados polos grupos de investigación na sociedade.

### Un contorno creativo

O Campus Crea benefíciase do contorno social e creativo da cidade de Pontevedra. Á transformación do espazo urbano, que converteu a capital do Lérez nun contorno amable para as persoas, únese un ecosistema cultural vivo e diverso que lle permite ao alumnado do Campus Crea poder gozar dunha rica programación cultural e social como complemento á actividade académica.

### International Multidisciplinary Journal CREA

A International Multidisciplinary Journal CREA (IMJC) é unha revista de investigación de acceso aberto que publica resultados de investigación/innovación nas áreas de coñecemento integradas no Campus CREA.

